

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 25 DE MARZO DO 2021.****Sesión 05/2021-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelo (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día xoves 25 de marzo do 2021, baixo a presidencia do sr. Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 03 e 04/2021).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 03/2021, do 25.02.2021 e 04/2021, do 11.03.2021.



Non habendo intervencións, quedan aprobadas por unanimidade as actas das sesións núms. 03/2021, do 25.02.2021 e 04/2021, do 11.03.2021, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 22 de febreiro (núm. 389) ata o 18 de marzo do 2021 (núm. 646).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 22 de febreiro (núm. 389, do expediente 2021/G003/000384) ata o 18 de marzo do 2021 (núm. 646, do expediente 2021/G003/000667), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

B.- Mocións.

1ª.- Moción sobre a situación laboral das traballadoras/es do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción, presentada polos tres grupos do goberno municipal (SM, BNG e AV) ás 14.10.52 horas do pasado 24 de febreiro (RE 202199900001174).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Reimúndez dá lectura á moción:

<<Os representantes das tres agrupacións que conforman o goberno municipal, ao abeiro do art. 64.1 do Rom presentan para o seu debate a seguinte MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN LABORAL DAS TRABALLADORAS/ES DO CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de día e a escola infantil do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ubicado na parroquia de Mondego do noso Concello, abrironse nos anos respectivamente. Estes recursos creáronse cun equipo profesional que, xunto coas profesionais do noso Concello, traballaron na súa creación, na implantación e na consolidación destes recursos sociais públicos que hoxe se fan imprescindibles para a nosa veciñanza.

Os equipos de profesionais que prestan os seus servizos, accederon ao seu posto de traballo seguindo os procedementos de acceso establecidos pola Lei a estes efectos e baixo o control da Xunta de Galicia e o Concello.

Os concellos forman parte esencial e estrutural do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, constituíndo o 49 % da súa Asemblea Xeral e sendo imprescindibles para o financiamento do seu mantemento e as súas profesionais, na súa práctica totalidade, mulleres.

Recentemente, en decembro do pasado ano, tense publicado unha Oferta Pública de Emprego por parte da Xunta de Galicia que engloba mais de 1200 postos de traballo do Consorcio Galego. Postos de traballo ocupados na actualidade por profesionais como as que desenvolven o seu traballo no centro de día e na escola infantil de Mondego.

Consideramos pouco acaído que se publique unha nova Oferta Pública de Emprego sen antes dar oportunidade, dentro do marco legal actual, as traballadoras que levan desempeñando a súa labor profesional durante os últimos 13 anos, de converter os seus contratos temporais en fixos.

Por este motivo, as traballadoras temporais do Consorcio (mais dun 90% da totalidade de profesionais do Consorcio) teñen iniciadas mobilizacións para defender os seus postos de traballo, reclamando que non se fagan procesos de consolidación dos “postos de traballo”, senón que se fagan procesos de consolidación real das profesionais que durante tantos anos levan sendo vítimas dun contrato temporal.

Por todo o exposto, os tres grupos do goberno de Sada presentamos ao Pleno da Corporación para debate e aprobación si procede, dos seguintes acordos:

1- Dirixirse urxentemente a Consellería de Política Social, Presidenta deste Organismo público e, como membro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, instar a Xunta de Galicia a:



- *Respectar os acordos de adhesión e os compromisos co Concello de Sada evitando o desmantelamento dos equipos de traballo que durante estes anos están coidado da boa marcha do centro de día e escola infantil de Sada.*
- *Paralizar e deixar sen efecto a OPE aprobada pola Xunta de Galicia relativa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo menos no que se refire os postos de traballo do centro de día e escola do noso Concello.*
- *Previa comunicación e diálogo co noso Concello, se inicien os trámites necesarios para, dentro do marco legal actual, favorecer a consolidación e fixeza dos actuais contratos temporais de traballo nos centros referidos.*

2.- *Dar difusión deste acordo plenario, nos canles canles informativos e de difusión habituais>>.*

Debátase a moción, comezando coa intervención da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen propón unha emenda consistente en engadir á proposta un novo punto 2, mantendo os puntos 1 e 2 pero como puntos 1 e 3:

<<2.- *O concello de Sada comprométese a, dentro do marco legal, favorecer a consolidación e a fixeza dos contratos de traballo temporais das traballadoras e dos traballadores que prestan servizos para o concello de Sada en situación de temporalidade ou interinidade dende hai máis de dous anos>>.*

Interveñen tamén no debate a sra. Salorio Poral (PP); o Presidente, quen fai aclaracións sobre a moción; a sra. Nogareda Marzoa (AV); e a sra. Reimúndez Suárez (BNG).

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación, en primeiro lugar, da emenda presentada polo grupo socialista, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 2 (2 PSOE).
- Votos en contra: 8 (6 SM e 2 BNG).
- Abstencións: 7 (5 PP e 2 AV).

Seguidamente, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1.- Dirixirse urxentemente á Consellería de Política Social, Presidenta deste Organismo público e, como membro do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, instar á Xunta de Galicia a:

- *Respectar os acordos de adhesión e os compromisos co Concello de Sada evitando o desmantelamento dos equipos de traballo que durante estes anos están coidando da boa marcha do centro de día e escola infantil de Sada.*
- *Paralizar e deixar sen efecto a OPE aprobada pola Xunta de Galicia relativa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo menos no que se refire os postos de traballo do centro de día e escola do noso Concello.*
- *Previa comunicación e diálogo co noso Concello, se inicien os trámites necesarios para, dentro do marco legal actual, favorecer a consolidación e fixeza dos actuais contratos temporais de traballo nos centros referidos.*

2.- *Dar difusión deste acordo plenario, nas canles informativas e de difusión habituais.*

2ª.- Moción en defensa da integración comarcal e da creación da Área Metropolitana da Coruña.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) xustifica a urxencia da moción, presentada polos tres grupos do goberno municipal (SM, BNG e AV) ás 14.10.52 horas do pasado 24 de febreiro (RE 202199900001174).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000005

A continuación, a sra. Reimúndez Suárez dá lectura á moción:

<<Os representantes das tres agrupacións que conforman o goberno municipal, ao abeiro do art. 64.1 do Rom presentan para o seu debate a seguinte Moción en defensa da integración comarcal e da creación da Área Metropolitana da Coruña.

Ante as novas que anuncian unha posíbel nova división entre os concellos integrantes do Consorcio das Mariñas, os representantes públicos que acreditamos na integración comarcal da Coruña e a súa bisbarra como o camiño eficiente para defender, mellorar e ensanchar os servizos públicos que dende as institucións locais se ofrecen á cidadana non podemos permanecer impasíbeis. Secundar ou transixir coa formación dun ente supramunicipal que afonde na división existente na comarca, perpetuando eivas históricas (como a ausencia de determinados concellos) ou incluso afondando nelas (vetando pola vía dos feitos a outros municipios a maiores) constitúe un exercizo de irresponsabilidade carente da máis mínima xustificación.

Faise preciso pois, facer un chamamento público ao sentido común; ao diálogo e ao acordo, deixando intereses partidistas, persoais e particulares á marxe para garantir con plena solvencia e seguridade xurídica a prestación dos servizos públicos que xa se veñen prestando dende o actual Consorcio das Mariñas. Do contrario, poderínanse engadir gravísimos problemas á vida cotiá dunha poboación que, a maiores de levar un ano convivindo nun contexto tan grave como o da pandemia da Covid19. Ao tempo que se traballa en chegar a un acordo de mínimos, debe ficar claro que o tránsito cara a nova Mancomunidade debe realizarse con total e absoluta transparencia; o lexítimo e respetábel cuestionamento de determinados procederes e actuacións (nunha institución cun funcionamento democrático claramente mellorábel), forma parte consustancial das normas e garantías democráticas máis básicas.

No actual contexto e á vista dos feitos, a histórica demanda da creación dunha Área Metropolitana para A Coruña e comarca cobra máis sentido e vixencia que nunca. Unha Área Metropolitana, que é, (co aval da administración autonómica) o instrumento institucional axeitado para (fuxindo de solucións provisionais e administracións paralelas, carentes de control democrático, transparencia e participación) afrontar os importantes retos (estruturais e de longo alcance) aos que, colectivamente, esta comarca ten que facer fronte. O futuro industrial, a saída á depresión económica, o urbanismo, as infraestruturas, o transporte, as axudas europeas, os servizos sociais... son temas que, dende o ámbito de acción máis próximo á cidadanía, podemos encarar mellor aportando unha visión e unha cooperación metropolitana.

Resulta a todas luces inaprazábel que A Coruña deixe de dar as costas á súa comarca e se implique, exercendo o seu liderádego, no proceso de integración comarcal.

A creación dunha área metropolitana coa participación da Coruña e Arteixo e na que se integren os concellos que libremente así o decidan xeraría unha realidade administrativa cun enorme potencial poboacional, económico e social, permitindo facer unha mellor e maior xestión dos servizos públicos, favorecendo a súa extensión ao conxunto da poboación e abaratando os seus custos. Todo sen menoscabo de que calquera municipio, como Betanzos ou Cerceda, poidan a maiores mancomunar servizos cos concellos das súas comarcas naturais.

En atención a todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- O Concello fai un chamamento á non exclusión de ningún municipio no proceso de conversión do actual Consorcio nunha Mancomunidade, novo organismo que debe acrecentar e mellorar os seus mecanismos de control e participación democrática, apostando dende xa, pola transparencia, a información e o diálogo como xeito de tentar resolver problemas.*
- 2.- O Concello insta aos municipios de A Coruña e Arteixo a participar activamente no proceso de integración comarcal.*
- 3.- O Concello insta ao Consorcio das Mariñas a convocar unha asemblea de edís na que abordar a situación detallada na presente moción e resumida nos catro puntos anteriores>>.*

Procédese a debater a moción, coa participación do sr. Blanco Montero (PSOE); da sra. García Freire (PP); do Presidente; da sra. Nogareda Marzoa (AV); e da sra. Reimúndez Suárez (BNG).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).*
- Votos en contra: Non se produciron.*
- Abstencións: Non se produciron.*

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:

1.- O Concello fai un chamamento á non exclusión de ningún municipio no proceso de conversión do actual Consorcio nunha Mancomunidade, novo organismo que debe acrecentar e mellorar os seus mecanismos de control e participación democrática, apostando dende xa, pola transparencia, a información e o diálogo como xeito de tentar resolver problemas.

2.- O Concello insta aos municipios de A Coruña e Arteixo a participar activamente no proceso de integración comarcal.



3.- O Concello insta ao Consorcio das Mariñas a convocar unha asemblea de edís na que abordar a situación detallada na presente moción e resumida nos dous puntos anteriores.

3ª.- Moción para a obtención dos terreos destinados ao espazo libre das Brañas Fase I, SXEL-06-31.

O sr. García Cotelo (PP) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do Partido Popular ás 12.11.14 horas do pasado 22 de marzo (RE 202199900001518).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, o sr. García Cotelo (PP) fai unha exposición defendendo a seguinte moción:

<<MOCIÓN PARA LA OBTENCIÓN DE LOS TERRENOS DESTINADOS AL ESPACIO LIBRE DE LAS BRAÑAS FASE I, SXEL-06-31 EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El Plan General de Ordenación Municipal de Sada aprobado de forma definitiva parcial por Orden de la Consellería de 11 de octubre de 2017 (DOG num.227 de 29.11.2017) contempla la acción SXEL-06-31 ESPACIO LIBRE DE LAS BRAÑAS FASE I.

La acción consiste en la obtención del suelo y posterior acondicionamiento de los terrenos para destinarlos a la creación de un espacio libre en el perímetro del espacio de las Brañas, pegado al núcleo urbano de Sada.

Este espacio libre conformará, en conjunto con otras dos acciones SXEL-06-21 y SXEL-06-33, un anillo en torno a las Brañas, con el objetivo de poner en valor este espacio natural y permitir el acercamiento de la población bajo criterios de máximo respeto a los valores ecológicos, ambientales, culturales y paisajísticos.

Se trata de una acción prevista para el primer cuatrienio del Plan, que se cumplirá este año 2021, y que esta sin iniciar.

Considerando que en el Pleno de 29 de agosto de 2019 se aprobó un modificado de crédito de 149.352,00 euros con cargo al remanente de tesorería para disponer de los fondos precisos para la expropiación de los terrenos (sistema previsto en el PXOM) del “Espacio libre de las brañas fase I”, y que ya hace un año y medio desde entonces sin que se disponga del necesario Proyecto de Expropiación.

Por todo ello, el Grupo Municipal del Partido Popular de Sada propone al Pleno el siguiente:

ACUERDO

Único.- Que por parte del gobierno de Sada se acometa la redacción del Proyecto de expropiación para la obtención de los terrenos necesarios para acometer la acción SXEL-06-31 ESPACIO LIBRE DE LAS BRAÑAS FASE I, prevista en el PXOM>>.

Debátese a moción, coa intervención da sra. Nogareda Marzoa (AV); da sra. Reimúndez Suárez (BNG); do sr. Blanco Montero (PSOE); da sra. Rúa Prieto (SM); do Presidente; e do sr. García Cotelo (PP).

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- Que por parte do goberno de Sada se acometa a redacción do Proxecto de expropiación para a obtención dos terreos necesarios para acometer a acción SXEL-06-31 ESPAZO LIBRE DAS BRAÑAS FASE I, prevista no PXOM.

4ª.- Moción sobre a soidade non desexada.

O sr. Blanco Montero (PSOE) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal Socialista ás 00.39.31 horas do pasado 24 de marzo (RE 202199900001562).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000005

A continuación, o sr. Blanco Montero (PSOE) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), SOBRE A SOIDADE NON DESEXADA, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE SADA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A soidade non desexada e o sentimento de baleiro existencial, é un problema real, e que por desta pandemia que estamos a padecer está a producir situacións alarmantes.

Podemos sinalar como causas desta crecente soidade non desexada, o aumento dos fogares unipersoais e os novos tipos de familias, o descenso da natalidade, o paro e a precariedade laboral no emprego, a desnaturalización do traballo como fonte de encontros, a vida frenética actual e a tendencia a relacións persoais menos duradeiras. Son factores que poden intervir no aumento dramático e imparabile da soidade, sendo as persoas maiores o grupo predominante, que en moitos casos viven e falecen sos ao fin dos seus días.

O envellecemento da poboación é un éxito das políticas de saúde pública e do desenvolvemento do noso Estado de Benestar, pero tamén é un reto para mellorar ao máximo a saúde e a capacidade funcional das persoas maiores, así como a súa participación social e seguridade. Dende os poderes públicos compre traballar para implementar políticas públicas que permitan as persoas maiores manter a súa autonomía e a súa independencia a medida que se envellece, promovendo un envellecemento activo e saudable.

Para a Organización Mundial da Saúde, a soidade non desexada, é un dos maiores riscos de deterioro da saúde, e tamén un factor determinante que favorece que as persoas que a padecen acaben en situación de dependencia, illadas e abandonadas. Faise preciso previr a soidade dos maiores e a súa seguridade, fomentando a capacidade psicolóxica e funcional das persoas maiores, adaptando a súa contorna cultural e persoal e fomentando un envellecemento activo.

Fai máis dun ano que a Xunta de Galicia ten anunciado un plan de actuación destinado ás persoas en situación de soidade non desexada. En concreto, a través da configuración dunha rede social de apoio en colaboración con entidades sociais e locais.

Actualmente estamos a vivir un contexto de pandemia sen precedentes, que deu conta das carencias do sistema de coidados nas persoas maiores e dependentes, pero tamén doutras realidades silenciadas que hoxe máis que nunca se significan, como é a realidade das persoas en soidade non desexada.

Galicia é un dos lugares cun maior número de persoas maiores de todo o país e incluso de Europa. As persoas que viven en soidade non desexada están a sufrir os efectos da pandemia agravando as consecuencias desa soidade aínda máis polo illamento social derivado das restricións.

Tras unha pandemia que visibilizou e agudizou aínda máis este problema as administracións teñen que actuar de xeito coordinado. Ao longo dos últimos anos esforzámonos moito dende todos os ámbitos en fomentar o exercicio físico, a estimulación cognitiva entendendo como hábitos saudables para mellorar a saúde e o bo envellecer, que así o son, pero esquecémonos de incidir nunha cuestión fundamental, o feito de coidar as relacións sociais e vínculos comunitarios, xa que é un dos piares dos hábitos saudables, que non só repercutían no benestar emocional senón tamén no físico.

O modelo de unidade familiar está mudando. En Galicia, case 280.000 persoas viven soas segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE). Esta cifra implica que algo máis dun 10% da poboación galega vive soa. Os problemas derivados desta cuestión xorden cando a soidade non é desexada pola persoa en cuestión. O problema non só é unha cuestión que afecta ás persoas maiores, pero ben é certo que 126.000 dos fogares unipersoais corresponden a persoas maiores de 65 anos. E a maior parte dos mesmos formados por mulleres. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística evidéncianse preocupantes porcentaxes da taxa de risco de pobreza en persoas maiores de 65 anos que viven soas en Galicia; En concreto nos últimos 4 a taxa de risco de pobreza para maiores de 65 anos tivo un incremento de 11 puntos.

Por estes motivos, consideramos urxente levar a cabo unha diagnose do problema mediante estudos que dean conta da “radiografía” da soidade non desexada en Galicia, así como elaborar de xeito urxente e en función dos resultados de dito estudo, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.

Dito plan en colaboración con entidades sociais e locais, dotaría dos recursos orzamentarios precisos aos mesmos, para coordinar os estudos e actuacións oportunas para coñecer a realidade da soidade non desexada en Galicia e levar a cabo o seguimento e actuacións concretas con este colectivo de poboación.

Polo exposto, o Pleno do Concello de Sada acorda:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a realizar de xeito urxente unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade no noso Concello.*
- 2.- Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados de dito estudio, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.*
- 3.- Remitir o acordo plenario aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia>>.*

Debátase o asunto, coas intervencións da sra. Nogareda Marzoa (AV); a sra. Rodríguez Pena (BNG); a sra. García Freire (PP); o sr. Fariña Andrade (SM); e o sr. Blanco Montero (AV).

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (5 PP).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a realizar de xeito urxente unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflectan esta realidade no noso Concello.
- 2.- Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados de dito estudio, un Plan Galego para a Soidade Non Desexada.
- 3.- Remitir o acordo plenario aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

5ª.- Moción en apoio ás confrarías de pescadores galegas na súa posición contraria ao novo regulamento de control que pretende impoñer a UE.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) xustifica a urxencia da moción, presentada polos tres grupos do goberno municipal (SM, BNG e AV) ás 13.54.11 horas do pasado 24 de marzo (RE 202199900001575).

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena (BNG) dá lectura á moción:

<<MOCIÓN EN APOIO ÁS COFRADÍAS DE PESCADORES GALEGAS NASÚA POSICIÓN CONTRARIA AO NOVO REGLAMENTO DE CONTROL QUE PRETENDE IMPOÑER A UE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A flota artesanal de toda Galicia manifestarase el próximo venres día 26 de marzo contra o regulamento de Control Pesqueiro e as medidas que este contén, aínda despois de pasar polo pleno do Parlamento Europeo.

As confrarías rexeitan que os barcos teñan que incorporar elementos para estar permanentemente localizados, instalar circuitos pechados de televisión para controlar o cumprimento da obriga de desembarque e estender a esta flota o diario electrónico de a bordo (DEA).

A proposta da Federación Galega de Confrarías, a maioría dos pósitos mostráronse favorables a facer visible o malestar contra as medidas que se plantexan dende Bruselas e pedirán que se leven mocions para pedir cambios no regulamento de Control Pesqueiro, cuxa tramitación aínda non rematou.

Ao mesmo tempo, dende as confrarías pediron a demisión de Dona Clara Aguilera, eurodiputada socialista que elaborou o informe de opinión no pasado pleno do Parlamento Europeo con todas esas medidas. Rexeitan que a eurodiputada non atendera a invitación expresa feita polos patróns maiores galegos para comprobar in situ as características da flota galega e a imposibilidade de asumir ditas medidas.

Coma institucións responsables da sostibilidade dos distintos ecosistemas temos a obriga de entender as diferenzas entre pesca industrial e artesanal, motivando este labor que tanta importancia económica, cultural e patrimonial ten para o noso pobo e para Galicia.

Entendemos que estas medidas favorecen as grandes embarcacións, e como sempre, os barcos pequenos son os máis desfavorecidos nas medidas regulamentarias, cando a pesca artesanal é a que menos pegada e impacto ecolóxico ten no medio ambiente.

De acordo co Regulamento de Control vixente só os buques de eslora superior a 10 metros está obrigados a levar un diario de pesca. Entre 10 e 15 metros lévanlo en papel, pero a proposta actual é que os buques estén obrigados a rexistrar as súas capturas de forma electrónica.

Entendemos que para a flota artesanal estas medidas son algo inviable ademais de reiterativo posto que esta flota xa realiza declaracións de desembarque ou notas de venta ou documentos de transporte sendo máis que suficiente nas declaracións realizadas polos profesionais.

ACORDO

- Instar aos grupos políticos que integran o Parlamento Europeo a presentar alegacións que consideren unha mudanza das medidas impostas para que se baseen en criterios flexibles adecuados as diferenzas tipolóxicas en canto aos metros de eslora e tipo de pesca que se practique.



- Instar á Xunta de Galiza e ao goberno de España a poñer en práctica medidas de apoio ao sector pesqueiro artesanal e que garantan a protección dos e das traballadoras do mar>>.

Debátase o asunto, coa intervención do sr. Blanco González (AV); e da sra. Pardo Fafián (PSOE), quen propón engadir como emenda no primeiro parágrafo do acordo, logo de “Parlamento Europeo”, o seguinte:

<<nos que se inclúan todos os partidos do arco parlamentario galego>>.

Segue a se desenvolver o debate coa participación da sra. Salorio Porral (PP), quen propón que se engada unha emenda no segundo parágrafo do acordo, logo de “Instar á Xunta de Galicia”, consistente no seguinte:

<<a continuar>>.

Interveñen tamén no debate o sr. Fariña Andrade (SM) e a sra. Rodríguez Pena (BNG).

A continuación, debatido o asunto, procédese á votación da moción, incluíndo as dúas emendas propostas, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1.- Instar aos grupos políticos que integran o Parlamento Europeo, nos que se inclúan todos os partidos do arco parlamentario galego, a presentar alegacións que consideren unha mudanza das medidas impostas para que se baseen en criterios flexibles adecuados ás diferencias tipolóxicas en canto aos metros de eslora e tipo de pesca que se practique.

2.- Instar á Xunta de Galiza a continuar e ao goberno de España a poñer en práctica medidas de apoio ao sector pesqueiro artesanal e que garantan a protección dos e das traballadoras do mar.

C.- Rogos e preguntas.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula os seguintes rogos:

1º) Que se lle dea o acceso que ten solicitado a un expediente e que aínda non se lle facilitou.

2º) Que se traballe con previsión con relación ás convocatorias das sesións plenarias.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) logo de preguntar se se lle vai contestar a algunha das preguntas pendentes de resposta de sesións plenarias anteriores, ás que se volve referir, fai as seguintes:

1ª.- Sobre a tramitación das licenzas das terrazas da hostalería.

2ª.- Se se están a facer as comprobacións pola Policía Local das obrigas de exposición dos códigos QR e o resto das medidas en materia sanitaria impostas pola Xunta de Galicia.

O sr. Blanco Montero (PSOE) roga que o concello remita unha queixa formal á Dirección de Saúde correspondente con respecto dos reparos para dar unha cita presencial no Centro de Saúde de Sada.

A sra. García Freire (PP) roga que se axilicen os trámites das subvencións aos clubs e as axudas para o transporte escolar.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que se aclare a maneira correcta de votar as emendas no caso das mocións.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 25 minutos do día xoves 25 de marzo do 2021, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2021/G010/000005

electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.
